

NOTA DE PRENSA

Grupo Cuevas sae á rúa para compartir a celebración dos seus 150 anos “coas persoas”

Ofrecerá experiencias exclusivas nas cidades galegas, con fotografías en paisaxes a elixir e agasallos conmemorativos nos supermercados e cash

O Grupo Cuevas iniciará esta fin de semana en Ourense unha campaña de *street marketing*, para dar testemuño na rúa da conmemoración do seu 150 aniversario. A proposta está pensada para proporcionar experiencias exclusivas a quen decida participar na iniciativa, ademais de posibilitar a creación dun mapa de imaxes personalizadas da celebración, co que se elaborará posteriormente un mostrario de perfís cidadáns que quedará como referencia histórica no site conmemorativo <http://150aniversario.grupocuevas.com>.

En palabras de Artur Yuste, Director Xeral do grupo, a campaña que, durante as próximas semanas terá continuidade e presenza itinerante polas cidades galegas que dispoñen de tendas do Grupo Cuevas, ten como obxectivo compartir esta celebración “coas persoas que nos acompañan día a día na nosa actividade, coas que confían en nós e coas que nos coñecen, mais tamén coas que simplemente temos preto porque forman parte do noso territorio físico ou emocional”. Con esta iniciativa en marcha, Grupo Cuevas activa tamén o “alicerce” do social que ocupará boa parte do programa de actos que xa se están desenvolvendo para conmemorar este 150 aniversario.

As actividades de *street marketing* do Grupo Cuevas, que comezan este sábado en Ourense, desenvolveranse dentro dun singular recinto creado para a ocasión, que estará situado na rúa do paseo, á altura do Centro Cultural Anxo Valente. Posteriormente, a experiencia poderá ser seguida en Vigo, os días 27 e 28 de maio; en Lugo, 3 e 4 de xuño; e en Santiago, en datas aínda por determinar.

Neste espazo será posible facer fotografías elixindo o fondo da imaxe de entre unha selección de localizacións que presentan “paradas” nun divertido percorrido histórico (o Ourense antigo, unha praia dos 80, un castiñeiro centenario...). Os participantes terán acceso a vales que lles reportarán obsequios conmemorativos como lembranza da efeméride, e poderán conseguir cámaras fotográficas que reproducen imaxes *vintage* para plasmar a relatividade do tempo, un dos lemas sobre os que se construíu a imaxe do 150 aniversario.

Paralelamente a esta actividade, Grupo Cuevas pecha a primeira fase do seu Concurso de Creatividade Artística dirixida aos creadores de Galicia, coa relatividade do tempo como temática principal. A xuízo de Artur Yuste, este premio, cunha dotación total de 10 mil euros, “facilitará unha inmersión en como os artistas galegos contemplan o efecto dos anos e as consecuencias de vivir”. Conclúe o director xeral de Grupo Cuevas que “ nos porán o espello diante do territorio e das persoas”.

Fundado en 1867, o Grupo Cuevas acada en 2017 os 150 anos. Un fito histórico se se ten en conta que en España existen preto de medio centenar de empresas en activo que sexan anteriores a 1900, e delas, apenas 20 naceron antes de 1867.